

CONVENIO DE COLABORACIÓN E COORDINACIÓN ENTRE O MINISTERIO DO INTERIOR E A XUNTA DE GALICIA EN MATERIA DE SEGURIDADE NOS EDIFICIOS DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA EN GALICIA

Madrid, 14 de setembro de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, _____, na súa condición de ministro do Interior, segundo o Real decreto 1826/2011, do 21 de decembro de 2011 (BOE núm. 37, do 22 de decembro de 2011), actuando en representación deste ministerio, de acordo co previsto no artigo 13.3 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, e mais na disposición adicional décimo terceira da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Doutra, _____, na súa condición de vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, que actúa de conformidade co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e mais co disposto no Decreto 230/2012, do 2 de decembro, polo que é nomeado vicepresidente da Xunta de Galicia, e no Decreto 229/2012, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia.

Interveñen ambos os dous na representación e coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren, recoñecéndose reciprocamente capacidade e lexitimación para outorgar e asinar o presente convenio de colaboración, bastante en dereito para formalizalo, e na súa virtude

MANIFESTAN:

O obxecto do presente convenio, partindo do respecto aos diferentes ámbitos competenciais de cada Administración, é fixar un marco de colaboración entre o Ministerio do Interior e a Xunta de Galicia para aproveitar a experiencia dos efectivos das forzas e corpos de seguridade do Estado na vixilancia e protección das instalacións e edificios xudiciais da Administración de xustiza de Galicia.

Desta forma, ambas as administracións exercen as súas competencias no marco dos principios constitucionais de coordinación e colaboración, co obxecto de mellorar a eficacia pública e evitar duplicidades de actuación.

EXPOÑEN:

1. A Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, establece no seu artigo 37.2 que as comunidades autónomas en cuxos estatutos de autonomía estea prevista a creación dun corpo de policía propio e non fagan uso de tal posibilidade poderán exercer as funcións de vixilancia e protección dos seus edificios e instalacións solicitando a adscrición de unidades do Corpo Nacional de Policía, segundo dispón o artigo 47 da devandita lei orgánica.

2. O Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 27.25 a competencia para a

creación dun corpo de policía autonómica de acordo co que estableza a Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo.

Tal posibilidade non se levou a efecto ata este momento, se ben que se adscribiu unha unidade do Corpo Nacional de Policía á Comunidade Autónoma de Galicia mediante un acordo de colaboración co Ministerio do Interior, pero que conta actualmente cuns efectivos limitados para o exercicio das funcións previstas no artigo 38.1 da citada Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo.

3. A Xunta de Galicia está interesada en garantir a seguridade dos edificios sedes da Administración de xustiza en Galicia, en virtude do establecido no Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro, polo que se aprobou o traspaso de funcións da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza, que foron asumidas pola Xunta de Galicia mediante o Decreto 394/1994, do 29 de decembro, e que en virtude da estrutura orgánica da Xunta de Galicia lle corresponden na actualidade á Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

De acordo con este obxectivo primordial estableceranse as quendas necesarias de vixilancia e protección para garantir a seguridade en todos os edificios xudiciais que se relacionan no anexo I, e segundo os horarios que se estipulan no anexo III. Estes servizos de vixilancia e protección serán realizados por membros do Corpo da Garda Civil en situación de reserva e do Corpo Nacional de Policía en situación de segunda actividade ou de activo, coa repartición de responsabilidade plasmada no anexo II.

4. Ao Ministerio do Interior correspóndelle a administración xeral da seguridade cidadá e mais o mando superior das forzas e corpos de seguridade do Estado, segundo o establecido no artigo 10.1 da Lei orgánica

2/1986, do 13 de marzo, e no artigo 1.1 do Real decreto 400/2012, do 17 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio do Interior.

5. Entre as funcións comúns ao Corpo Nacional de Policía e ao Corpo da Garda Civil figura a de vixiar e protexer os edificios e instalacións públicos que o requiran, tal e como recolle o artigo 11.1 da citada Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo.

6. A dita misión pode ser exercida por persoal do Corpo da Garda Civil en situación de reserva e do Corpo Nacional de Policía en situación de segunda actividade ou de activo, de acordo co establecido nos artigos 11.c) e 37.3 da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, e no 86.8 da Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal do Corpo da Garda Civil, así como na Lei 26/1994, do 29 de setembro, pola que se regula a situación de segunda actividade no Corpo Nacional de Policía.

Segundo estas leis, o persoal en situación de reserva ou segunda actividade atópase á disposición do Ministerio do Interior para o cumprimento de funcións policiais e poderá ocupar destinos atendendo ás necesidades do servizo e ao historial dos interesados.

7. De acordo co artigo 6 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a Administración xeral e os organismos públicos vinculados ou dependentes desta poderán celebrar convenios de colaboración cos órganos correspondentes das administracións das comunidades autónomas no ámbito das súas respectivas competencias.

8. A teor do disposto na disposición adicional décimo terceira da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de

xaneiro, así como do disposto no artigo 13.3 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, os titulares dos departamentos ministeriais teñen competencia para celebrar os convenios de colaboración previstos no artigo 6 da Lei 30/1992 (dentro das facultades que lles outorga a normativa orzamentaria e tras cumprimento dos trámites establecidos).

ACORDAN:

Formalizar o presente convenio de colaboración e coordinación co obxecto de establecer e regular a participación do persoal do Corpo da Garda Civil e do Corpo Nacional de Policía nas misións de vixilancia e protección nos edificios e instalacións da Administración de xustiza en Galicia, que se rexerá polas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira. *Obxecto.*

O obxecto do presente convenio de colaboración e coordinación é, de acordo co disposto nos artigos 11.1.c) e 37.3 da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, a vixilancia e protección nos edificios e instalacións da Administración de xustiza en Galicia, que serán realizadas por membros do Corpo da Garda Civil en situación de reserva e do Corpo Nacional de Policía en situación de segunda actividade ou de activo, neste último caso cun mínimo de 58 anos de idade e 25 anos de servizo efectivo no Corpo Nacional de Policía.

Segunda. *Compromisos do Ministerio do Interior.*

O Ministerio do Interior, no marco da colaboración definida no presente convenio de colaboración, comprométese a:

1. A Dirección Xeral da Policía e a Dirección Xeral da Garda Civil constituirán en Galicia unidades específicas para a prestación dos servizos de vixilancia e protección nos edificios e instalacións xudiciais relacionados no anexo I, dependentes administrativamente da Xunta de Galicia. As unidades do Corpo da Garda Civil encadraranse en cada comandancia, con dependencia orgánica e funcional do mando correspondente da Garda Civil. As unidades do Corpo Nacional de Policía encadraranse nunha unidade en cada comisaría, con dependencia orgánica e funcional do mando correspondente do Corpo Nacional de Policía.

2. Á vista das necesidades de vixilancia e protección formuladas pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, o secretario de Estado de Seguridade determinará, mediante unha instrución, as unidades e o número de efectivos dos seus compoñentes, axustados aos requirimentos do servizo que se conveña.

O número máximo de efectivos por corpos (Corpo Nacional de Policía e Corpo da Garda Civil), así como o lugar de prestación do servizo, determínase no anexo II, especificándose no anexo III os horarios. Non obstante, logo de acordo da Comisión Técnica, poderase modificar a relación de efectivos necesarios, sempre e cando non implique incremento ou redución do número total de efectivos.

3. As ditas unidades estarán integradas, no ámbito do Corpo Nacional de Policía, por persoal das súas diferentes escalas que se atope en situación de segunda actividade ou de activo nos termos expostos na estipulación

primeira; e no ámbito da Garda Civil, por persoal da escala superior de oficiais, da de oficiais, da de suboficiais e da de cabos e gardas, que se encontre en situación de reserva. Para os efectos previstos no número 3 da estipulación terceira do presente convenio, este persoal considerárase integrado nalgún dos grupos ou categorías detallados no anexo IV.

4. A Dirección Xeral da Policía e a Dirección Xeral da Garda Civil anunciarán as vacantes que se produzan, a fin de manter cubertos os postos de servizo co persoal en situación de reserva ou de segunda actividade/activo que voluntariamente o solicite, e seleccionará o persoal máis idóneo con relación ás condicións requiridas para cada posto.

5. No exercicio das súas funcións, os membros das unidades dependerán para todos os efectos do xefe da unidade na que estean encadrados. Calquera proposta ou suxestión relacionada co servizo que os responsables da Comunidade Autónoma de Galicia a cuxo cargo se encontre o edificio ou instalación de que se trate consideren oportuno formular será cursada ante o xefe da Garda Civil responsable das unidades en cada provincia ou ante o xefe da unidade do Corpo Nacional de Policía na provincia, ou, se for o caso, ante o Comité Técnico da Comisión Mixta de Seguimento do Convenio, que resolverá o pertinente.

Terceira. Compromisos da Xunta de Galicia.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia comprométese ao seguinte:

1. Proporcionar a información necesaria e suficiente relativa aos edificios e instalacións, para o exercicio das funcións de vixilancia e protección obxecto deste convenio de colaboración.

2. Facilitar os medios e instalacións necesarios para o desempeño dos labores de vixilancia e protección dos edificios xudiciais.

As peticións dos ditos medios deberán ser analizadas e aprobadas pola Comisión de Seguimento e estarán suxeitas ás disposicións orzamentarias.

3. Para coadxuvar ao desenvolvemento das actividades previstas no presente convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia asume, con cargo aos seus créditos orzamentarios, o custo mensual relativo ao persoal do Corpo Nacional de Policía e do Corpo da Garda Civil incluído no presente convenio, que virá determinado pola suma dos conceptos que se relacionan (salvo para o persoal en activo do Corpo Nacional de Policía, en cuxo caso estará integrado só polo concepto de produtividade), individualizados para cada efectivo en atención á categoría/grupo en que figure incluído:

a) Diferenza retributiva: cantidade, en máis, que resulta da diferenza entre as retribucións devindicadas polo persoal do Corpo Nacional de Policía entre as situacións de activo e segunda actividade, e polo persoal do Corpo da Garda Civil entre as situacións de activo e reserva.

b) Produtividade: cantidade que sumada á indicada na letra anterior determinará o importe final que corresponda a cada efectivo.

Estas contías deberán ser cubertas polos conceptos de gastos previstos no convenio.

O importe máximo por efectivo que en tales conceptos se autoriza para o presente convenio é o indicado no anexo IV, que aparece detallado para cada un dos grupos ou categorías en que se considerará integrado, para estes únicos efectos, o persoal que resulte destinado.

Por outra parte, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza asumirá o aboamento das cantidades que en concepto de incentivos se establezan coa finalidade de compensar determinadas circunstancias concorrentes no desempeño dos labores de vixilancia e protección destas infraestruturas, e que veñen motivadas, ben pola súa prestación en réxime de quendas no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ben noutros órganos xurisdiccionais suxeitos ao réxime de garda en fins de semana. A relación de edificios xudiciais, o número de efectivos e a contía máxima por efectivo detállanse nos anexos I, II e IV, respectivamente.

Alén do anterior, entre os gastos derivados da aplicación do presente convenio comprenderase tamén o custo que con carácter excepcional se orixine en concepto de indemnizacións por razón do servizo (axudas de custo e locomoción), así como tamén gastos en pezas de roupa uniformadas e outros gastos que se consideren precisos, todo iso dentro dos límites que acorde a Comisión Técnica.

As contías pecuniarias concretas a pagar modularanse en función do número de efectivos reais destinados ás encomendas previstas no presente convenio, e que con carácter de máximos se concretan no anexo IV.

4. O presente convenio financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 05.22.131A.400.0 do orzamento anual de gastos da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, ata un importe máximo de 1.738.633,70 €.

A referida Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza aboará, segundo se indica no apartado terceiro, os gastos derivados do presente convenio, tras presentación de certificación emitida polo órgano competente do Ministerio do Interior do cumprimento da finalidade do convenio e da aplicación dos fondos destinados para tal efecto,

con indicación do número de efectivos dedicados aos servizos de vixilancia en cada edificio xudicial.

O importe correspondente ingresárase no Tesouro Público, conta restrinxida na recadación da Axencia Estatal da Administración Tributaria de liquidacións practicadas pola Administración e outros ingresos non tributarios, a favor dos corpos de seguridade que se integran na Dirección Xeral da Policía e na Dirección Xeral da Garda Civil.

Efectuados os ingresos, a Comunidade Autónoma de Galicia achegará ás habilitacións de ambos os corpos os orixinais para a Administración das cartas de pago que dispón o apartado b) do punto 2.2.2 da Orde EHA/657/2007, do 15 de marzo (BOE núm. 69), co obxecto de iniciar os trámites preceptivos para xerar o crédito necesario nos conceptos orzamentarios que correspondan.

O importe que achegará a Comunidade Autónoma en cada exercicio respecto do período de que se trate corresponderase coa diferenza retributiva e a produtividade, que se actualizarán como mínimo segundo o que se estableza nas normas que regulen as retribucións do persoal da Policía e da Garda Civil, tanto as anuais orzamentarias coma as que se poidan ditar ao longo do exercicio.

Todo o anterior, suxeito aos criterios, instrucións e limitacións que sobre a materia poida ditar o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través da Secretaría de Estado de Facenda e Orzamentos.

5. No seo da Comisión de Seguimento acordaranse as modificacións relativas aos edificios onde se establecerán as unidades, a ampliación ou redución dos mesmos, o número de efectivos do Corpo Nacional de Policía ou do Corpo da Garda Civil precisos para cubrir a vixilancia, os incentivos ao persoal, as necesidades deste e as relativas ao servizo, así como tamén os

recursos económicos e materiais que fornecerá a consellería da Xunta de Galicia competente en materia de xustiza para facer fronte aos gastos derivados da aplicación do convenio. As decisións que acorde a Comisión de Seguimento que afecten ás estipulacións do convenio trasladaranse a unha addenda que será subscrita polas mesmas autoridades que suscriben este.

Cuarta. Órganos de seguimento e técnico.

Co obxecto de impulsar as actuacións previstas neste convenio e garantir o seu desenvolvemento integral, créanse os seguintes órganos:

- Comisión de Seguimento.
- Comisión Técnica.

A Comisión de Seguimento do Convenio, que se rexe, como órgano colexiado, polo disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, estará copresidida por un representante de cada unha das partes, ou polas persoas que se nomeen en substitución: polo Ministerio do Interior, o subdelegado do Goberno na Coruña; e pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o director xeral de Xustiza. Como vogais, en representación da Administración do Estado, actuarán o xeneral xefe da zona de Galicia e mais o xefe superior de Policía de Galicia; e por parte da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuarán como vogais o subdirector xeral de Medios da Administración de Xustiza e mais a subdirectora xeral de Persoal da Administración de Xustiza. A Comisión de Seguimento poderá ser convocada por iniciativa dunha das partes, indicando os asuntos que se van tratar na mesma. En todo caso reunirse unha vez ao ano.

A Comisión Técnica estará formada por unha representación técnica paritaria de cada unha das partes signatarias:

- Por parte da Xunta de Galicia, o subdirector xeral de Medios da Administración de Xustiza, a subdirectora xeral de Persoal da Administración de Xustiza, a xefa de servizo de Xestión Económica e Administrativa e a xefa de servizo de Coordinación Técnico-Administrativa da Administración de Xustiza, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

- Por parte do Ministerio do Interior, o coronel xefe da Plana Maior da Zona de Galicia da Garda Civil, o xefe responsable da Unidade de Vixilancia e Protección de Edificios da Garda Civil, o xefe da Unidade de Coordinación Operativa Territorial (UCOT) do Corpo Nacional de Policía e mais un membro da escala superior que sexa o responsable da Unidade de Vixilancia e Protección de Edificios do Corpo Nacional de Policía.

Ambas as partes poderán acudir ás reunións que se convoquen asistidas do persoal técnico que coiden conveniente, no ámbito da xestión económico-financeira e do asesoramento xurídico, en atención ás cuestións que se vaian tratar. A Comisión Técnica reunirase polo menos unha vez ao trimestre e, en todo caso, cando sexa convocada por calquera das partes, indicando os asuntos que se van tratar.

As convocatorias, acordos e documentación dos órganos de seguimento serán producidas e custodiadas por unha secretaría administrativa, cuxo réxime establecerá na súa primeira reunión a Comisión de Seguimento.

Os órganos de seguimento do convenio adoptarán as súas decisións en plena coordinación cos órganos sectoriais de cooperación en materia de seguridade entre o Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia.

Quinta. Eficacia.

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016.

Este convenio poderá ser prorrogado por períodos anuais, por acordo expreso das partes, mediante as oportunas addendas de prórroga.

Sexta. Natureza do convenio e resolución de controversias.

O presente convenio ten natureza administrativa e está excluído do ámbito de aplicación do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, en virtude do previsto no seu artigo 4.1.c), sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios desta norma xurídica para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

As dúbidas, controversias ou outras cuestións xurdidas sobre a interpretación, execución, modificación, resolución e efectos que poidan derivar da súa aplicación deberán ser resoltas de mutuo acordo polas partes no seo da Comisión de Seguimento constituída. Se non resulta posible acadar o dito acordo, as cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, de conformidade co previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdicción.

Sétima. Causas de resolución.

De conformidade co establecido no artigo 6.2.g) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, son causas de resolución do convenio as seguintes:

1. A imposibilidade sobrevida de cumprir a finalidade.
2. A subscrición dun novo convenio que substitúa o presente.
3. O incumprimento grave acreditado por unha das partes.
4. O mutuo acordo das partes.

E de conformidade con canto antecede, en exercicio das facultades que legalmente lle corresponden a cada un dos asinantes e obrigando as administracións públicas que representan, subscríbese o presente convenio, por duplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.

0

O MINISTRO DO INTERIOR

**O VICEPRESIDENTE E
CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA**

ANEXO I: Relación de edificios xudiciais onde se establecerán as quendas de vixilancia e protección

Provincia da Coruña:

- Tribunal Superior de Xustiza de Galicia
- Audiencia Provincial da Coruña
- Edificio anexo á Audiencia Provincial
- Sede do Imelga na Coruña
- Edificio Proa da Coruña
- Xulgados da Coruña
- Xulgado de Arzúa
- Xulgados de Betanzos
- Xulgados de Carballo
- Xulgados de Corcubión
- Xulgados de Ferrol (incluído xulgado de garda)
- Xulgado de Muros
- Xulgado de Negreira
- Xulgados de Noia
- Xulgado de Ordes
- Xulgado de Ortigueira
- Xulgados de Padrón
- Xulgados de Ribeira
- Xulgados de Santiago de Compostela (2 edificios)

Provincia de Lugo:

- Audiencia Provincial de Lugo

- Xulgados de Lugo
- Xulgado de Becerreá
- Xulgado de Chantada
- Xulgado da Fonsagrada
- Xulgados de Mondoñedo
- Xulgados de Monforte de Lemos
- Xulgado de Sarria
- Xulgados de Vilalba
- Xulgados de Viveiro

Provincia de Ourense:

- Pazo de Xustiza de Ourense
- Anexo ao Pazo de Xustiza de Ourense
- Edificio dos xulgados de Ourense
- Xulgado de Bande
- Xulgado do Barco de Valdeorras
- Xulgados do Carballiño
- Xulgado de Celanova
- Xulgado da Pobra de Trives
- Xulgado de Ribadavia
- Xulgados de Verín
- Xulgado de Xinzo de Limia

Provincia de Pontevedra:

- Audiencia Provincial de Pontevedra
- Xulgados de Pontevedra

- Xulgados de Caldas de Reis
- Xulgados de Cambados
- Xulgados de Cangas
- Xulgados da Estrada (2 edificios)
- Xulgados de Lalín
- Xulgados de Marín
- Xulgados de Ponteareas
- Xulgados do Porriño
- Xulgados de Redondela
- Xulgados de Tui (2 edificios)
- Xulgados de Vigo
- Edificio sede das seccións da Audiencia en Vigo
- Edificio sede do SCACE de Vigo
- Xulgados de Vilagarcía de Arousa

ANEXO II: Efectivos necesarios para realizar as funcións de vixilancia e protección das sedes xudiciais de Galicia (203 funcionarios)

1. Persoal do Corpo Nacional de Policía (81 funcionarios)

Equipo de mando (9 funcionarios):

- 1 funcionario de escala superior
- 4 funcionarios de escala executiva (1 por provincia)
- 4 funcionarios de escala de subinspección (1 por provincia)

Escala básica (72 funcionarios):

- A Coruña (edificio da Audiencia Provincial, edificio dos xulgados, edificio anexo dos xulgados do contencioso-administrativo, sede da Subdirección do Instituto de Medicina Legal): 14 funcionarios
- Ferrol: 7 funcionarios
- Ribeira: 4 funcionarios
- Lugo (edificio da Audiencia Provincial e edificio dos xulgados): 9 funcionarios
- Monforte de Lemos: 2 funcionarios
- Viveiro: 2 funcionarios
- Ourense (Pazo de Xustiza e novo edificio xudicial): 9 funcionarios
- Pontevedra (edificio dos xulgados da Parda): 9 funcionarios
- Marín: 2 funcionarios
- Redondela: 2 funcionarios
- Vigo (edificios xudiciais): 8 funcionarios
- Vilagarcía de Arousa: 4 funcionarios

2. Persoal da Garda Civil en situación de reserva (122 efectivos)

Cadro de mando (10 efectivos):

- 1 coronel (nivel autonómico)
- 4 capitáns (nivel provincial)
- 5 suboficiais (nivel provincial)

Unidade de Protección de Edificios Xudiciais da Comandancia da Coruña (52 efectivos da categoría de cabos/gardas):

- A Coruña (sede do Tribunal Superior de Xustiza): 18 efectivos
- Santiago de Compostela: 9 efectivos (2 edificios)
- Betanzos: 5 efectivos
- Carballo: 4 efectivos
- Arzúa: 2 efectivos
- Corcubión: 2 efectivos
- Muros: 2 efectivos
- Negreira: 2 efectivos
- Noia: 2 efectivos
- Ordes: 2 efectivos
- Ortigueira: 2 efectivos
- Padrón: 2 efectivos

Unidade de Protección de Edificios Xudiciais da Comandancia de Lugo (12 efectivos da categoría de cabos/gardas):

- Becerreá: 2 efectivos
- Chantada: 2 efectivos
- A Fonsagrada: 2 efectivos
- Mondoñedo: 2 efectivos
- Sarria: 2 efectivos
- Vilalba: 2 efectivos

Unidade de Protección de Edificios Xudiciais da Comandancia de Ourense
(16 efectivos da categoría de cabos/gardas):

- Bande: 2 efectivos
- O Barco de Valdeorras: 2 efectivos
- O Carballiño: 2 efectivos
- Celanova: 2 efectivos
- A Pobra de Trives: 2 efectivos
- Ribadavia: 2 efectivos
- Xinzo de Limia: 2 efectivos
- Verín: 2 efectivos

Unidade de Protección de Edificios Xudiciais da Comandancia de Pontevedra
(32 efectivos da categoría de cabos/gardas):

- Pontevedra (edificio da Audiencia Provincial): 5 efectivos
- Vigo (sede de seccións da Audiencia Provincial): 3 efectivos (o servizo préstase no edificio vello dos xulgados durante os días laborables, de luns a venres e en horario de 8.00 a 15.00 horas, por ser destinados con este labor)
- Cambados: 4 efectivos
- Cangas: 4 efectivos
- O Porriño: 4 efectivos
- Caldas de Reis: 2 efectivos
- A Estrada: 3 efectivos
- Lalín: 2 efectivos
- Ponteareas: 2 efectivos
- Tui: 3 efectivos

ANEXO III: Horarios dos servizos de vixilancia e protección

Sede do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia:

Todos os días do ano, as vinte e catro horas do día en servizo permanente.

O persoal que presta servizo nesta sede atenderá os monitores nela instalados para o seguimento de incidencias acontecidas naquelas sedes que teñan cámaras instaladas.

Sedes das audiencias provinciais e de xulgados con garda de permanencia
(A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Betanzos, Lugo, Ourense, Pontevedra –só xulgados–, Cambados e Vigo):

- Quenda de mañá (de luns a venres): de 7.30 a 15 horas.
- Quenda de tarde (de luns a venres): de 15 a 22 horas.
- Fin de semana: sábados de 9 a 14.30 e de 17 a 20.30 horas, e domingos de 9.30 a 14.30 horas.
- Festivos: de 9.30 a 14.30 horas.
- A Garda Civil prestará servizo de vixilancia no edificio vello dos xulgados de Vigo de 7.30 a 15.00 horas de luns a venres, en días laborables.
- Na Audiencia Provincial de Pontevedra o horario de servizo será de 7.30 a 15.00 horas de luns a venres, en días laborables.

Demais sedes xudiciais:

Acceso ao edificio (laborables de luns a venres).

Xornada continuada: de 7.30 a 15 horas.

De ser o caso, poderase constituír unha bolsa horaria en cómputo mensual, con cargo á cal se atenderán as necesidades do servizo derivadas da prolongación de vistas e xuízos e de dilixencias urxentes.

ANEXO IV: Custo por efectivo e incentivos

De conformidade co establecido na estipulación terceira do convenio, os importes máximos por efectivo e categoría que en concepto de diferenza retributiva e produtividade asume a Xunta de Galicia durante o exercicio 2016 serán os que se detallan a seguir:

GARDA CIVIL:

CATEGORÍAS	DIFERENZA RETRIBUTIVA MÁXIMA	PRODUTIVIDADE MÁXIMA	TOTAL CUSTO MENSUAL MÁXIMO
Coronel	1.355,18 €	1.036,40 €	2.391,58 €
Capitán	799,88 €	594,01 €	1.393,89 €
Suboficiais	614,81 €	455,86 €	1.070,67 €
Cabos/Gardas	553,09 €	400,44 €	953,53 €

CORPO NACIONAL DE POLICÍA:

CATEGORÍAS	DIFERENZA RETRIBUTIVA MÁXIMA	PRODUTIVIDADE MÁXIMA	TOTAL CUSTO MENSUAL MÁXIMO
ESCALA SUPERIOR (XEFE)	1.355,18 €	1.036,40 €	2.391,58 €
ESCALA EXECUTIVA	799,88 €	594,01 €	1.393,89 €
SUBINSPECTOR	614,81 €	455,86 €	1.070,67 €
ESCALA BÁSICA	553,09 €	400,44 €	953,53 €

Incentivos

De conformidade co establecido na estipulación terceira do presente convenio, os importes máximos por efectivo que en concepto de incentivos asume a Xunta de Galicia durante o exercicio 2016 serán os que se detallan a continuación, en atención ás circunstancias que os motiven:

- 383,80 € por efectivo e mes para os membros da Garda Civil destinados no Tribunal Superior de Galicia pola realización de quenda de mañá, tarde e noite durante todos os días da semana, incluídos os non laborables, e por atender os monitores.

- 235,59 € por efectivo e mes para os membros da Garda Civil e funcionarios da escala básica do Corpo Nacional de Policía que durante o mes participen, de xeito efectivo, no servizo de vixilancia durante a fin de semana e festivos nos edificios nos que existen xulgados ou fiscalías suxeitos ao réxime de garda de permanencia, a saber:

- Corpo Nacional de Policía: edificios das audiencias provinciais da Coruña e Lugo (sedes das respectivas fiscalías provinciais con servizos de garda de permanencia) e dos xulgados da Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

- Garda Civil: edificios dos xulgados de Santiago de Compostela, Betanzos e Cambados, e calquera outro no que se estableza este tipo de servizo.